

---

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

---

## MOCIÓN

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vimos sufrindo nos últimos meses apagóns continuados no alumeadado público de moitos lugares das nosas parroquias e tamén en barrios completos do casco urbán. Nos xa expresamos fai varios meses queixas sobre este tema, presentado rogos e preguntas nos anteriores plenos e incluso unha petición por escrito a Alcaldía.

Os cortes do alumeadado público son prolongados no tempo posto que nalgún caso os veciños estiveron case que 15 días sen iluminación, e no caso do rúa San Roque estiveron sen este servizo durante a semán das festas patronais.

Igualmente temos constancia de queixas reiteradas sobre o estado das beirarrúas na rúa San Roque no tramo de subida que vai dende a capela ata a curva superior onde se atopa una compra venta de vehículos e un taller, xa que moitas baldosas están rotas ou despegadas e as beirarrúas están tan baixas que entra a auga da estrada dentro das vivendas. Toda a rúa San Roque tamén adocece, como a maioría das rúas e viais do noso termo municipal, dunha importante deficiencia de limpeza.

### ACORDOS:

1. Requirir o equipo de goberno para que se poña fin de inmediato, adoptando as medidas oportunas, os continuos apagóns que veñen sufrindo lugares completos de parroquias ou barrios completos do casco urbán.
2. Requirir o arranxo urxente e definitivo, cunha actuación en profundidade, das beirarrúas da rúa San Roque, especialmente no tramo indicado na exposición de motivos.
3. Se faga unha limpeza en profundidade, e programada, da rúas do noso casco urbán e dos núcleos das nosas parroquias.

En Caldas de Reis a 28 de novembro de 2019

O GRUPO MUNICIPAL **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**

**Fernando Pérez Domínguez**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620